

# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O DÍA 28 DE XANEIRO DO 2016

### **Señoras e señores asistentes**

#### **Alcalde-Presidente:**

Don Antonio Fernández Angueira.

#### **Concelleiras e concelleiros:**

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Francisco García Díos.

Don Ángel Rodríguez Conde.

Don Francisco Javier Guillán Iglesias.

Don Camilo Forján Seoane.

Don Alberto Piñeiro Otero.

Dona Teresa Rey Pazos.

Don Cesáreo González Pardal.

Don Xoán André Santaló Ríos.

Don Eloy Rodríguez Carbia.

#### **Secretaria:**

Dona Ana María Ares Álvarez.

#### **Interventor accidental:**

Don José Marcelino Rivera Rarís.

En Padrón, sendo as vinte horas do día vinte e oito de xaneiro do dous mil dezaseis, reúnen-se en primeira convocatoria e baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira, as Concelleiras e os Concelleiros que se relacionan na cabeceira, en total os trece que de dereito compoñen a Corporación, ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada en forma legal.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida constitución do Pleno da Corporación, o Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do día da convocatoria que é o seguinte:

### **PARTE I.- ADOPCIÓN DE ACORDO**

#### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 23 DE NOVEMBRO DE 2015.**

De acordo co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o señor Alcalde pregunta ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros se desexan facer algunha observación á acta da sesión extraordinaria realizada o vinte e tres de novembro do dous mil quince, ás dez horas, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

## **2.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 23 DE NOVEMBRO DE 2015.**


De acordo co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o señor Alcalde pregunta ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros se desexan facer algunha observación á acta da sesión extraordinaria realizada o vinte e tres de novembro do dous mil quince, ás dez horas e trinta minutos, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

## **3.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 26 DE NOVEMBRO DE 2014.**

De acordo co disposto no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o señor Alcalde pregunta ás señoras Concelleiras e aos señores Concelleiros se desexan facer algunha observación á acta da sesión ordinaria realizada o vinte e seis de novembro do dous mil quince, e non formulándose ningunha observación á mesma, esta resulta aprobada por unanimidade das e dos presentes.

## **4.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DENOMINADO "REFORMA PRAZA DE ABASTOS 2012" INCLUÍDO NA SEXTA FASE DO PROGRAMA PROVINCIAL DE MODERNIZACIÓN DOS MERCADOS LOCAIS DIRIXIDOS AOS CONCELLOS DAS COMARCAS DO BARBANZA, MUROS-NOIA E SAR.**

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa B) de data 25 de xaneiro de 2016, que di:



<<Por acordo do Pleno da Corporación Municipal aprobouse o proxecto da obra "Reforma Praza de Abastos 2012" elaborado polo arquitecto de Estudio Técnico Gallego, SA, don Oscar Pidre Mosquera, número de Colexiado 3.964, cun orzamento de execución por contrata de 37.171,60 €. Asemade, no mesmo acordo solicitábase a súa inclusión no Programa da Deputación Provincial da Coruña de modernación dos mercados locais.

O 29 de decembro de 2014 ten entrada no rexistro municipal un requerimento da Deputación Provincial no que se esixen determinadas correccións do proxecto técnico aprobado, concretamente a inclusión do estudo xeotécnico ou ben anexo xustificativo da non necesidade do mesmo e a eliminación de calquera referencia a marcas comerciais no documento dos cálculos lumínicos.


Con anterioridade á recepción por escrito do anterior requerimento, adiantouse o seu contido vía telefónica, polo que, con data 12 de decembro de 2014, Estudio Técnico Gallego, SA, presenta dous exemplares do proxecto correxido.

Remitido este ao servizo provincial, o 28 de setembro de 2015 recepciónase a notificación da súa aprobación polo Pleno da Deputación Provincial.

Visto o anterior é polo que

### **Propoño ao Pleno:**

**Primeiro.** Aprobar a modificación do proxecto técnico denominado "Reforma da Praza de Abastos 2012" elaborado polo arquitecto de Estudio Técnico Gallego, SA, don Oscar Pidre Mosquera, número de Colexiado



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

3.964, recepcionado no rexistro municipal o 12 de decembro de 2014, co número 9.816, cun orzamento de execución por contrata de 37.171,60 €

**Segundo.** O presente acordo pon fin á vía administrativa e contra o mesmo poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Comenta que este programa debería ser máis ambicioso nos obxectivos, entendendo que debería estender a súas actuacións ao recinto do Souto onde se celebra o mercado dominical que considera un dos máis ou o máis importante de Galicia e que deixa anualmente de recadación nas arcas municipais 206.421 € en concepto da taxa que pagan os postos instalados no Campo do Souto e 65.024 € no Espolón, que se está falando en total de 271.446 €, é dicir, o 4,7% do total dos orzamentos de ingresos deste concello. Que se este programa estendera a súa actuación ao mercado do Souto e do Espolón permitiría mellorar as condicións dos vendedores ambulantes, permitindo que estiveran máis protexidos fronte ás inclemencias meteorolóxicas mediante a adquisición de estruturas desmontables uniformes, que gañaría en funcionalidade, ordenación, estética e limpeza, mediante a instalación de illotes desmontables para residuos e estudar a posibilidade de establecer corredores peonís drenados para evitar lameiras. Que este proxecto que se trae hoxe é de gasto corrente porque o único que se vai facer é reparar ou solucionar unha serie de deficiencias que existen na Praza de abastos, como son as luminarias, pero non é un gasto para investimentos e en sucesivos programas deberíanse ter en conta os investimentos. Que o título do programa é "modernización" e iso non é para solucionar deficiencias, senón para investimento. Que o que se está a dicir aquí é porque non ten posibilidade de facelo como grupo político na Mesa Local de Comercio ao non formar parte dela. Que este tipo de investimentos son escasos e hai que sacarlle a maior rendabilidade e non se poden traer proxectos para parchear, senón proxectos con visión de futuro e cree que o que está plantexando é unha proposta de futuro que vai beneficiar non só aos vendedores ambulantes senón tamén aos milleiros de persoas que acuden cada domingo ao mercado.

Sr. Santaló Ríos. Manifesta que se trata dun investimento e de non perder os cartos dun investimento para facer obras que son necesarias. Que tiveron que modificar este proxecto por non conseguir as autorizacións pertinentes e xa o tiñan que ter planificado. Que van acumulando unha serie de erros de xestión e de plantexamento. Que está de acordo co señor Rodríguez Carbia de que a Praza necesita un plantexamento global que xa o ten falado. Que non van poñer ningún obstáculo para que se produza esta modificación e para que eses cartos se poidan investir aínda que sexa só nas luminarias da Praza de abastos.

Sr. Rodríguez Conde. Comenta que é un proxecto do 2012 que xa veu varias veces a pleno, primeiro corríxiron o arranxo dos baños pero non o permitiu Patrimonio, polo que houbo que modificar o proxecto, e agora vanse a realizar obras en relación coas luminarias. Que se están esgotando os prazos porque a notificación tivo entrada no Concello o 28 de setembro do 2015 e o prazo para contratar era de seis meses e xa están a finais de xaneiro.

Sra. Rey Pazos. Di que é un proxecto do 2012, data na que Veciños de Padrón non formaba parte da Corporación e polo tanto van seguir a liña que tomaron ata o de agora, pero o que denota outra vez é esa falla de planificación do goberno, de pensar no futuro, e non só en parchear.

Sr. González Pardal. Comenta que está totalmente de acordo cos seus compañeiros.

Sr. Forján Seoane. Insiste no que se estaba dicindo, que é a cuarta vez que ven esta subvención a pleno. Que a primeira vez foi nun pleno extraordinario só con este punto na orde do día o 27 de xullo do 2012 e estamos en xaneiro do 2016 e seguen a darlle voltas ao proxecto. Que non é unha gran investimento, 37.000 euros, pero non son capaces de poñer xa o prego sobre a mesa para que se executen as obras. Que a xente da Praza está facendo unha serie de reclamacións como é a mellora dos sumidoiros, das canaletas e da sanidade na Praza

do peixe. Contrapón o que fixo o goberno anterior neste caso nos catro anos, que investiu uns 300.000 € e o señor alcalde non é capaz de facer xestión para investir 30.000 €.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete o asunto a votación ordinaria, producíndose o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR:** Once (11), emitidos pola concelleira e polos concelleiros do PP, señora Couso Dopazo e señores Fernández Angueira, Pardo Andrade, Sanmarco Santos e García Dios, polos concelleiros do PGD, señores Rodríguez Conde e Guillán Iglesias, polos concelleiros do PSdeG-PSOE, señores Forján Seoane e Piñeiro Otero, polo concelleiro do BNG señor Santaló Ríos e polo concelleiro da CIPa señor Rodríguez Carbia.

**VOTOS EN CONTRA:** Ningún.

**ABSTENCIÓNS:** Dúas (2), emitidas pola concelleira de Veciños de Padrón, señora Rey Pazos, e polo concelleiro de AxP, señor González Pardal.

Verificado o cómputo da votación, o Pleno da Corporación adopta, por maioría, o seguinte acordo:

**Primeiro.** Aprobar a modificación do proxecto técnico denominado "Reforma da Praza de Abastos 2012" elaborado polo arquitecto de Estudio Técnico Gallego, SA, don Oscar Pidre Mosquera, número de Colexiado 3.964, recepción no rexistro municipal o 12 de decembro de 2014, co número 9.816, cun orzamento de execución por contrata de 37.171,60 €

**Segundo.** O presente acordo pon fin á vía administrativa e contra o mesmo poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Sr. Rodríguez Carbia. En explicación de voto di que se teñan en conta as suxestións que acaba de facer na súa intervención.

Sr. Alcalde. Dille que para a moción seguinte.

Sr. Rodríguez Carbia. Pide que se lles permita poder participar nesa Mesa Local de Comercio para ter coñecemento de primeira man do que se está a tratar.

Sr. Alcalde. Contesta que a Mesa Local de Comercio se resolveu en pleno, pero de todos os xeitos non ten ningún inconveniente en que se incorpore pero teríanse que incorporar os demais grupos e a Mesa Local de Comercio ten que ser paritaria nos seus membros polo que habería que levar máis asociacións. Que se falará.


#### **5.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE DODRO, PADRÓN E ROIS PARA A XESTIÓN DO SERVIZO COMPARTIDO, DESENVOLVEMENTO CONXUNTO E POSTA EN FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO TERRAS DE IRIA III 2016-2017.**

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente na Comisión Informativa C) de data 25 de xaneiro de 2016, que di:

##### **<<Antecedentes administrativos.**

**Primeiro.** O 30 de decembro de 2015 publicouse no DOG número 248 a Orde do 29 de decembro do 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego en Galicia durante os anos 2016 e 2017.

**Segundo.** O 20 de xaneiro de 2016 a directora de formación e emprego do Concello presenta a proposta do programa a incluír na solicitude dunha subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria ao



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

abeiro da devandita Orde conxuntamente cos concellos de Dodro e Rois.

Terceiro. Igualmente incorpórase ao expediente o texto do Convenio de colaboración a asinar entre os 3 Concellos para a xestión compartida, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do programa integrado para o suposto de que se conceda a subvención.

Cuarto. Por Providencia do Alcalde do 20 de xaneiro do 2016 solicítase informe á secretaría municipal sobre a necesidade de someter a aprobación do Pleno o devandito convenio e, de selo caso, sobre o seu contido.

Quinto. Ese mesmo día emítense os informe da secretaria municipal e o da interventora.

## Fundamentos de dereito.

Primeiro. De acordo ao recollido nos informes citados da secretaria e interventora municipal, cuxos argumentos son asumidos neste acordo como motivación, en base ao artigo 89.5. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), debe entenderse que o texto do Convenio de colaboración recolle unha encomenda de xestión dos Concellos de Rois e Padrón ao de Dodro para a tramitación da subvención e o desenvolvemento do programa.

Segundo. De acordo ao informe da interventora municipal queda acreditado que a prestación deste servizo compartido non pon en risco a sustentabilidade financeira da facenda municipal e non existe duplicidade na prestación deste tipo de programas.

Terceiro. O artigo 47.2.h) da LBRL atribúe ao Pleno a adopción de acordos na seguinte materia e ademais establece que estos deberán ser adoptados por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación Local:

*"h) Transferencia de funciones o actividades a otras Administraciones Públicas, así como la aceptación de las delegaciones o encomiendas de gestión realizadas por otras Administraciones, salvo que por Ley se impongan obligatoriamente."*

Cuarto. Considerando que o texto do Convenio de colaboración é respetuoso coa regulación da figura de encomenda de xestión que fai o artigo 15 da LRXPAC, así como co establecido no artigo 6 sobre os convenios de colaboración,

## Propoño ao Pleno:

**Primeiro.** Solicitar conxuntamente cos Concellos de Dodro e Rois unha subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria, ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015, para a posta en práctica dun programa integrado de emprego e encomendar ao Concello de Dodro a xestión da solicitude, desenvolvemento e xustificación da subvención e a xestión do programa no suposto de que se conceda a subvención.

**Segundo.** Aprobar o Convenio de colaboración entre os concellos de Dodro, Padrón e Rois para a xestión do servizo compartido, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do programa integrado de emprego Terras de Iria III 2016-2017.

**Terceiro.** Dar traslado do presente acordo aos Concellos de Dodro e Rois, así como á Intervención municipal.

**Cuarto.** O presente acordo pon fin á vía administrativa e contra o mesmo poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Di que este Programa integrado de emprego Terras de Iria 2016-2017 debería ser un instrumento de formación imprescindible para a integración laboral dos diversos grupos de parados e actuar como dinamizador activo de emprego da comarca. Que se recibe unha subvención que é insuficiente, 163.636 € financiado pola Consellería de Industria nun 88% e polos tres concellos Padrón, Rois e Dodro nunha porcentaxe dun 12% cada Concello. Que debería ter unha inserción laboral do 30% segundo o programa e, ao seu modo de ver, debería ser superior e nunca inferior ao 50%. Que iso se consegue ofrecendo unha formación con garantías e tratando de involucrar aos empresarios da comarca. Que neste Concello o desemprego fluctúa entre os 700 e os 1.000 e a cifra é bastante escalofriante como para permanecer quietos e impasibles e iso que non se engade a poboación activa e os desocupados de Rois e Dodro. Que algo se fixo a raíz da petición do seu grupo político de que os cursos se adaptaran ás demandas da industria local. Que é necesario facer máis esforzo do que se está a facer e as fotos de postureo político non valen para nada. Espera que haxa resultados aínda que as expectativas laborais deberían ser superiores. Que vai dar un voto de confianza para que se siga o proceso de selección baseado nos principios básicos de publicidade, igualdade, mérito e capacidade. Que non lle gustaría, como sucedeu anteriormente, que ninguén saiba porque se escolleu o perfil dunha persoa e non o de outra. Que se deben ter en conta as condicións familiares, o tempo que levan parados e aquelas persoas que están en risco de exclusión social. Que son aspectos que non deberían pasar desapercibidos.

Sr. Alcalde. Dille que non pode ser doutra maneira.

Sr. Santaló Ríos. Di eles levan reivindicando que se fagan accións formativas encamiñadas a empregar á xente. Que teñen que estar a favor deste tipo de actuacións pero gustaríalle que a selección sexa clara e transparente. Cree que este modelo debería extenderse ao maior número de empresas dado que parece que está limitado ás empresas que teñen certa estrutura. Que lle gustaría que se abra un abano de participación de todas as empresas.

Sr. Alcalde. Pregúntalle que é o que propón.

Sr. Santaló Ríos. Repite que eles levan reivindicando que se fixera este modelo de formación, pero que parece que só hai unha empresa e que deberían explorar outras empresas pequenas que se poidan integrar e facer a súa aportación.


Sr. Alcalde. Explica que o problema era, sobre todo, o lugar de formación.

Sr. Rodríguez Conde. Di que despois das explicacións dadas pola responsable do proxecto, vendo a grande achega de cartos públicos que se van investir, vendo o informe de secretaría favorable e que cumpre cos requisitos, un dos puntos máis importantes para eles é a saída laboral e ter as posibilidades de atopar un traballo. Que hai que marcar porcentaxes como se veñen poñendo agora e di que van estar a expectativa, controlando, que o proceso de selección do alumnado cumpra cos requisitos.

Sra. Rey Pazos. Cree que é fundamental a formación para atopar un traballo. Gústalle deste proxecto, a diferenza doutro ano, que os cursos están relacionados con empresas do sector e cree que as medidas contra o desemprego non deberían quedarse en subvencións, senón que o goberno debería traballar en outro tipo de medidas buscando esa inserción laboral.

Sr. González Pardal. Di que lle parece ben a proposta do grupo CIPa de incrementar no 50% a inserción laboral con eses cartos que se van gastar. Que este curso o vai desenvolver Dodro e pareceríalle bo que algún curso destes tamén os levara o concello de Padrón e que se tivese en conta, á hora de contratar profesores, á xente da zona.

Sr. Alcalde. Explica que a xente se remite dende o INEM, sempre tendo en conta a xente que está formada na comarca. Que este programa o leva Dodro ao igual que os Obradoiros de Emprego ata o de agora sempre os levou Padrón. Que iso é un pouco indiferente e que o importante é colaborar todos e sacar as cousas para adiante.



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

Sr. González Pardal. Pregunta se no caso de que non haxa ningunha persoa de Padrón, o Concello ten que cubrir a mesma porcentaxe.

Sr. Alcalde. Contesta que si, pero que non cree que se dé ese caso.

Sr. Forján Seoane. Comparte todo o que se leva dito deste tema e que por primeira vez están facendo algo que incide no sector productivo da comarca, como é, por exemplo, a formación específica do sector do metal, conserveiro ou agroforestal. Que neste caso estase pedindo algo relacionado coa actividade específica que se desenvolve aquí. Espera que, aparte de garantir o emprego, sirva tamén para fixar a poboación no concello que se está perdendo a pasos axigantados.

Sr. Alcalde. Aclara que a porcentaxe de inserción do 30% é a que está establecida e ven publicado, pero nada impide que sexa un 50, un 60 ou un 70%.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a proposta a votación ordinaria, resultando aprobada por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes, polo que o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Solicitar conxuntamente cos Concellos de Dodro e Rois unha subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria, ao abeiro da Orde do 29 de decembro de 2015, para a posta en práctica dun programa integrado de emprego e encomendar ao Concello de Dodro a xestión da solicitude, desenvolvemento e xustificación da subvención e a xestión do programa no suposto de que se conceda a subvención.

**Segundo.** Aprobar o Convenio de colaboración entre os concellos de Dodro, Padrón e Rois para a xestión do servizo compartido, desenvolvemento conxunto e posta en funcionamento do programa integrado de emprego Terras de Iría III 2016-2017.

**Terceiro.** Dar traslado do presente acordo aos Concellos de Dodro e Rois, así como á Intervención municipal.

**Cuarto.** O presente acordo pon fin á vía administrativa e contra o mesmo poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

## 6.- MOCIÓN PRESENTADA POR CIPA SOBRE O DETERIORO DO CASCO HISTÓRICO.

Polo señor Rodríguez Carbia dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa A) de data 25 de xaneiro de 2016, que di:

### <<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O deterioro e degradación de inmobles no casco vello é unha problemática que incide na seguridade dos transeúntes, na estética urbana e na imaxe penosa que proxectamos cara o padronés, visitante e turista en xeral, e senta precedentes na política de *laissez faire* que se está a practicar por non combatalo feismo e a ruína que se estenden por tódolos recunchos.

Dun tempo a esta parte unha cantidade importante de edificacións, a maior parte delas desocupadas, presentan un estado de deterioro e ruína alarmante, debido a que os seus propietarios non acometeron, nin acometen labores de conservación e mantemento nin estruturais nos inmobles como é obrigatorio e preceptivo, se a isto lle engadimos que temos ordenanza en vigor na que ampararnos para evitar este problema e non a aplicamos a cuestión é máis que preocupante.

Con inclemencias metereolóxicas desfavorables e sen inclemencias desfavorables o casco vello de Padrón é un perigo constante ao existir risco de que destas edificacións se desprendan cascallos ou outros elementos

deteriorados sobre a vía pública. Un risco que non se corrixe coa colocación dun cartel na edificación de se vende, mallas verdes para tapar o problema ou ferros para suxeitalas paredes.

Os propietarios teñen un deber de mantelos inmobles en bo estado de conservación e seguridade e o concello, a través do goberno municipal, unha obriga de garantila seguridade e que se cumpran as ordenanzas e a normativa urbanística, polo tanto o de pechar calexas con cinta, ou rodear inmobles con vallas, por favor que non sexan antiestéticas, vale para un curto período de tempo pero esta situación non pode, nin debe prolongarse no tempo.

Hai que esixir a toma de medidas contundentes para solventala situación, facer requerimentos, dar facilidades de rehabilitación e cando se fai caso omiso do dialogo e das obrigas, aplicala normativa con contundencia, sen medias tintas e sen que lle treme o pulso das decisións.

E polo que PROPOÑEMOS o seguinte ACORDO DE RESOLUCIÓN:

a.- Tomar acordo plenario de convocar cada dous meses, con carácter ordinario, coincidindo coa celebración das sesións plenarias ordinaria a comisión de urbanismo, para que o goberno dea conta de tódalas medidas adoptadas para combatelo deterioro do casco vello exemplo: comunicacións cursadas aos propietarios, apertura de expedientes, estado dos expedientes abertos, solicitudes de rehabilitación, estado das solicitudes, etc.etc, e de selo caso convocar esta comisión con carácter extraordinario cando unha situación especial o requira.

b.- Tomar acordo de ordenala toma de medidas para garantila seguridade dos transeúntes en tódolos inmobles en mal estado, no espazo de tempo máis breve posible (1 mes).


c.- Tomar acordo de retirada inminente (1 mes) de elementos antiestéticos dos inmobles: mallas de ocultar en mal estado, vallas antiestéticas por outros elementos acordos co decoro e dignidade dun casco urbano e adaptados á normativa de protección e seguridade.

d.- Tomar acordo de informar en esta comisión das labores de reposición ou arranxo do lousado das rúas e das medidas de protección e do estado dos elementos arquitectónicos ou estruturais do casco vello (prazas, ponte, espólón, xardín, xardíns, souto, estatuas, esculturas e fontes).>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Di que parece que a raíz da presentación desta moción ou polas razóns que fosen se están tomando medidas de seguridade en dous edificios, un na rúa Longa e outro na avenida Castelao. Que como xa comentou na Comisión Informativa do outro día, na lexislatura do 2007-2011, se tiñan acometido 30 actuacións sobre inmobles en mal estado de conservación no casco vello de Padrón e que deixara enriba da mesa 35 expedientes abertos para que se proseguira coas actuacións dos 35 inmobles que estaban en mal estado. Que 5 anos despois observa que esas edificacións que xa estaban mal no ano 2011, agora están en peores condicións. Que o que está claro é que as medidas hai que tomarlas, que os expedientes estaban enriba da mesa cos informes preceptivos para acometer esas medidas. Que hai que intentar concienciar aos propietarios, aínda que sabe que é unha tarefa difícil e complicada. Pero a labor dun goberno municipal é intentar convencer aos propietarios e intentar buscar vías de financiación. Pide que se aceleren todos os trámites o posible, sobre todo daqueles propietarios que aínda están pendentes da autorización por parte da Dirección Xeral de Patrimonio e a aqueles outros que non actuaron e reúnen condicións de perigosidade para transeúntes e veciños e facerlle ver que non poden facer o que lle dé a gaña, xa que é unha obriga do propietario do inmovle mantelo en condicións de conservación. Que cando os propietarios fan caso omiso dos requerimentos municipais, a administración ten unha vía para facer que se cumpla coa normativa, ou ben a de constinximento ou crear un rexistro de propiedades como última medida. Que a administración nestes momentos ten medios para facer requerimentos e que se cumpla a legalidade para evitar ese perigo. Insiste que esas medidas, que se tomaron fai unha semana na rúa Longa e na avenida Castelao, se fagan extensibles a eses 35 edificios que aínda quedan pendentes de actuación. Que vai estar ao seu lado e disposto para colaborar sobre este tema, porque entende que é necesario.





# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sra. Couso Dopazo. Informa das medidas adoptadas nas edificacións en mal estado de conservación:

Edificación en rúa Santiago, 3. A propiedade solicita licenza para arranxo de cuberta e fachada, con informe favorable dos servizos técnicos municipais de setembro de 2014. Esta licenza foi tramitada á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. A finais do mes de outubro de 2014 tiveron lugar desprendementos de parte das tellas da cornixa sobre a rúa o que motivou a colocación dun peche provisional. A licenza foi outorgada no mes de Decembro de 2014 en sesión da XGL. O solicitante non executou as obras no inmovible para as que pedira licenza e como consecuencia do temporal recente caeu parte da fachada e da medianeira polo que foi necesario executar unha desmontaxe controlada dos elementos en risco de caída sobre a vía pública. Mantívose unha reunión entre o arquitecto da Oficina de rehabilitación e a propiedade e o arquitecto que eles designaron e o propietario indica que están a redactar un novo proxecto de rehabilitación integral do ben. Redáctase con data 12 de xaneiro de 2016 novo informe de estado do inmovible para a remisión dunha nova orde de execución. Emítese orde de execución por resolución do 27 de xaneiro de 2016 para garantir as condicións de seguridade na edificación.

Edificación en rúa Santiago, 5. A propiedade solicitou licenza de obras para a recuperación do inmovible. O expediente estaba pendente de concesión de licenza xa que o proxecto estaba en revisión para adaptarse as condicións de habitabilidade da obra presentada. Foi concedida licenza para a rehabilitación integral do inmovible en Xunta de Goberno Local do 23 de marzo de 2015 e esta actualmente no prazo de execución. Xa comezaron as obras de renovación do inmovible. A propiedade debe comunicar o inicio de execución das obras e a empresa contratista das mesmas e o coordinador de seguridade.

Edificación en rúa Santiago, 7. A propiedade solicitou licenza de obras para a recuperación do inmovible. O expediente estivo pendente de concesión de licenza xa que o proxecto estaba en revisión para adaptarse as condicións de habitabilidade da obra presentada. Foi concedida licenza para a rehabilitación integral do inmovible en Xunta de Goberno Local do 23 de marzo de 2015 e está actualmente no prazo de execución. Xa comezaron as obras de renovación do inmovible. A propiedade debe comunicar o inicio de execución das obras, a empresa contratista das mesmas e o coordinador de seguridade.

Edificación en rúa Santiago, 8. Esta solicitou licenza para arranxo de cuberta e fachada con informe favorable da Axencia Galega de Infraestruturas e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura. A licenza foi concedida na XGL o 13 de febreiro de 2014. As obras foron executadas de acordo coa licenza concedida.

Edificación en rúa do Carmen, 17. Os propietarios presentan un escrito solicitando unha prórroga co fin localizar e informar a tódolos propietarios do inmovible. A día de hoxe non se teñen levado a cabo nin solicitado accións para a conservación da edificación.

Edificación en rúa do Carmen, 18. A día de hoxe non se teñen levado a cabo nin solicitado accións para a conservación da edificación por parte da propiedade.

Edificación en rúa do Carmen, 19. A día de hoxe non se teñen levado a cabo nin solicitado accións para a conservación da edificación por parte da propiedade.

Edificación en rúa Longa, 2. Mantívose unha reunión na Oficina de rehabilitación coa propietaria do inmovible e cun construtor, onde se lle explicaron as obras necesarias para manter as condicións de seguridade. A propiedade realizou parte das obras de mantemento do inmovible no relativo ao arranxo dos enfoscados exteriores nos puntos onde corría risco de desprendementos, na limpeza das canles e o aseguramento dos vidros e os marcos das carpinterías da rúa Balsa de la Vega. Non consta solicitude de licenza de obras. Non se actuou sobre a galería que dá fronte a rúa longa que actualmente se atopa cuberta cunha malla de plástico. Os propietarios alegaban que estaban en proceso de reclamación por danos de humidades provintes da medianería da edificación en Rúa Longa nº 4.

Edificación en rúa Longa, 4. A propiedade solicitou a declaración de ruina do inmovible. Esta solicitude foi

obxecto de informe técnico por parte da Oficina de rehabilitación e foi sometido a informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura. No marco do expediente de ruína personouse un dos coherdeiros que manifestou o seu desacordo (xa que descoñecía a solicitude presentada) e dáselle tramite de audiencia cun prazo de 10 días para que compareza e alegue o que conveña. Coincidindo con este proceso, a propiedade presenta un proxecto de desmontaxe de elementos en situación de colapso que será obxecto de informe unha vez se resolva no seu caso a declaración de ruína do inmoble. O expediente resólvese ca declaración de ruína do inmoble, o cal non implica a posibilidade da súa demolición xa que Patrimonio ten que seguir informando calquera a actuación a levar a cabo no ben. En canto ao proxecto inicial presentado de desmontaxe de elementos en situación de colapso, o informe técnico non autorizaba as obras de demolición parcial solicitadas, ao ser un tipo de obra non acorde ca Ordenanza e o grao de protección do ben. O 14 de xullo de 2015, a propiedade presenta proxecto reformado de desmontaxe de elementos en situación de colapso para o que solicitan licenza. Esta licenza foi tramitada á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, a cal autoriza as actuacións solicitadas. A licenza foi concedida na XGL o 30 de decembro de 2015 para as obras solicitadas e na actualidade estanse a executar as obras de renovación do inmoble.

Edificación en rúa Longa, 20. A edificación ten varios propietarios. Mantívose unha reunión na Oficina de rehabilitación cun dos propietarios do inmoble, onde se lle explicaron as obras necesarias para manter as condicións de seguridade. A propiedade solicitou licenza de obras para arranxo das galerías do inmoble, con informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura. A licenza de obras foi concedida por parte do Concello en sesión de XGL de 22 de Mmio de 2014 e as obras foron executadas dacordo ca licenza concedida.

Edificación en rúa Real, 8. Mantívose unha reunión na Oficina de rehabilitación ca propiedade, onde se lle explicaron as obras necesarias para manter as condicións de seguridade. Tamén se levou a cabo unha visita á edificación por parte do técnico da Oficina de rehabilitación. A propiedade presentou unha solicitude de declaración de ruína do inmoble que está en tramitación.

Edificación en Rosalía de Castro, 2. Mantívose unha reunión na Oficina de rehabilitación ca propiedade do inmoble onde se lle explicaron as obras necesarias para manter as condicións de seguridade. A día de hoxe non se teñen levado a cabo nin solicitado accións para a conservación da edificación.


Edificación en Rosalía de Castro, 4. Mantívose unha reunión na Oficina de rehabilitación ca propiedade onde se lle explicaron as obras necesarias para manter as condicións de seguridade. A propiedade presenta copia da declaración de ruína do inmoble outorgada polo Concello do ano 2003. No seguimento dese expediente a propiedade presentara un proxecto de demolición con informe favorable de Patrimonio, para a demolición do inmoble, presentado en xullo do 2004, pero faltaba o proxecto de control arqueolóxico que requiría patrimonio. A documentación requirida non foi presentada. A día de hoxe non se teñen levado a cabo ningún tipo de actuacións sobre o ben.

Sr. Alcalde. Interrompe a lectura da señora Couso Dopazo e explica ao resto da Corporación que hai moitos máis.

Sr. Rodríguez Carbia. Pide que se lle pase unha copia dese informe. Engade que é un informe da Oficina de rehabilitación reiterativo ou copiativo dos informes que xa tiña deixado dado que as edificacións que figuran nese informe xa tiñan feito traballo de campo cando el estaba no goberno.

Sr. Alcalde. Contesta que non é para discutir senón que están traballando en cada un dos expedientes.

Sr. Rodríguez Carbia. Reitera que se está traballando sobre expedientes do 2013 ou 2014, pero que xa tiñan o seu inicio no 2011 e 2012. Que os edificios continúan na mesma situación e chega a tres conclusións: ou as reunións non están tendo o éxito que debían, ou os técnicos non teñen poder de convicción sobre os propietarios, ou o Concello non actúa como debería de actuar. Volve tender a man ao goberno municipal desde a experiencia de xestión que ten no campo da área de rehabilitación do casco vello de Padrón, para intentar solucionar un problema crónico. Que é un ofrecemento que se ve na obriga



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

de facer porque a situación non mellora senón e que en moitos casos empeorou.

Sr. Alcalde. Dille que se poden ver os expedientes un por un, pero que os máis recentes nos que se asinaron ordes de execución con apercibimento de sanción son: rúa Herreros 9, praza do Sar, rúa Santiago 3, praza dos Fillos e Amigos de Padrón 2, avenida de Pontecesures 25, rúa Santiago 10, rúa de Castelao 17 e por último a casa que está na Ínsua derruída. Que están de acordo coa moción e todo isto é para dicir que se está traballando en todos os expedientes. Que é un tema complicado e se agracede a colaboración por parte da oposición.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que un dos edificios que acaba de nombrar a señora Couso Dopazo que queda na rúa Santiago, fai dúas semanas estivo a punto de caer a fachada do edificio.

Sr. Alcalde. Contesta que se tirou a parte de arriba de urxencia, polo perigo de que caera.

Sr. Rodríguez Carbia. Replica que hai unha ventana que quedou en mal estado e son os técnicos da Oficina de rehabilitación do casco histórico os que teñen que velar por iso, para garantir a seguridade do inmovible. Que o Concello ten a obriga de tomar medidas cando o propietario non as toma. Que o pobo é unha ruína e dá unha mala imaxe e vai a máis.

Sr. Santaló Ríos. Entende que esta moción evidencia que o deterioro do casco urbano vai a pasos axigantados e hai que acelerar os procesos.

Sr. Rodríguez Conde. Di que están completamente de acordo e van votar a favor. Que o que máis lle sorprende é que na comisión informativa quen dou datos non foi o goberno nin o técnico senón que foi o propio concelleiro da CIPa que lles foi informando do tipo de expedientes iniciados e pendentes. Entende que o goberno non ten interese en solucionar problemas senón diría todo isto e tería respostado a todas as preguntas que se lle fixeron. Que por riba de todo está a seguridade das persoas e que si mandan ordes de execución pero logo quedan aí e pensan que xa queda feito todo o traballo, que hai que seguir adiante. Que fixeron algunhas preguntas na comisión informativa que non foron contestadas: querían saber cantos expedientes se iniciaron na etapa 2007-2011 e na etapa 2011-2016 e si se tomou algún tipo de medida para obrigar a adecentar as casas.

Sr. Alcalde. Contesta que o outro día trouxose o mesmo documento e aínda a señora Rey Pazos pediu unha copia e se lle dixo que non se lle daba ata que se lle sacaran os nomes das persoas.

Sra. Rey Pazos. Aclara que lle dixo que non llo daba porque tiña anotacións daquela maneira e de feito o técnico si tiña un resumo máis formal que tamén pediu, pero quedou a cousa así.

Sr. Alcalde. Di que foi polos nomes das persoas. Que os expedientes en tramitación son os mesmos que estaban na outra etapa, con algúns novos de inmovibles que se deterioraron, en distintos puntos o expediente pero as casas son as mesmas: rúa Longa, rúa Santiago, Herreros.

Sr. Rodríguez Conde. Reitera que el quere números concretos para saber a xestión no ano 2007-2011 e no 2011-2016.

Sr. Alcalde. Contesta que son as mesmas casas. Que se avanza no procedemento pero as casas son as mesmas.

Sr. Rodríguez Conde. Insiste que cantos se iniciaron no 2007-2011 e cantos no 2011-2016, ou remataron, para ter a comparativa dun goberno e doutro.

Sr. Alcalde. Contesta que os que hai neste goberno son trinta e oito aproximadamente.

Sr. Rodríguez Conde. Pregunta cantos no anterior.

Sr. Alcalde. Contesta que non sabe pero dicía o señor Rodríguez Carbia que trinta e cinco.

Sr. Rodríguez Carbia. Aclara que foron trinta e cinco actuacións sobre inmobles que presentaban alto estado de deterioro e perigo de caída sobre a vía pública, cando na etapa anterior ao seu mandato, época de creación da Oficina de rehabilitación, só se tiña actuado sobre cinco inmobles. Insiste que foron 30 intervencións sobre inmobles en mal estado e 35 pendentes. Que eses 35 expedientes quedaron enriba da mesa para cursar requerimentos, ordes de execución e aínda multas coercitivas. Que por exemplo, o edificio da rúa Longa iniciouse todo o expediente e incluso se publicou no BOP unha multa coercitiva de 3.000 euros que non se puido cobrar porque houbo un erro nun dos apelidos do propietario co cal quedou pendente de volver publicar e non se fixo.

Sr. Alcalde. Dille que houbo que iniciar todo o expediente novamente porque cambiaron os representantes dos herdeiros. Que hobo unha persoa que se presentou con poderes e non tiña poderes desa comunidade de herdeiros e ao final solicitouse a ruína do inmovible.

Sr. Rodríguez Conde. Di que non lle queda claro e pregunta si se iniciaron na etapa 2007-2011 sesenta e cinco expedientes.

Sr. Alcalde. Contesta que non están a falar do mesmo. Que senón se equivoca, o señor Rodríguez Carbia, está a falar de todos os expedientes, expedientes de licenza, non só requerimentos e sancións, senón de todos os expedientes de casco histórico. Que aquí agora con requerimentos hai trinta e catro e tres ou catro máis dos que falaba antes e despois están todas as licenzas de urbanismo. Pregunta se quere unha relación de todas as licenzas do casco histórico.

Sr. Rodríguez Conde. Di que quere datos para facer a comparativa. Que para eles, segundo os datos que ten, o interese deste goberno é mínimo. Que quere cambiar ese mínimo por máximo pero para iso teñen que darlle datos e non llos están dando. Que na etapa 2007-2011 entende 65 expedientes e etapa 2011-2016.

Sr. Alcalde. Contesta que 38 expedientes.

Sr. Rodríguez Conde. Pregunta se novos.

Sr. Alcalde. Contesta que non poden ser novos porque son as mesmas casas.

Sr. Rodríguez Carbia. Aclara que na lexislatura 2007-2011 eran 74 edificios en mal estado e actuouse en 30 e iniciouse o expediente do resto que, pola razón que fora, paralizouse. Que algúns continuaron pero outros quedaron parados e agora se volven retomar.

Sr. Alcalde. Di que se retoman coas ordes de execución.

Sr. Rodríguez Conde. Di que manda a orde de execución e queda aí e pregunta que trámite máis e se lle andan enriba para que cumpran.

Sr. Alcalde. Contesta que si pregunta si se sancionou a algún propietario por non adecentar a casa, contesta que non.

Sr. Rodríguez Conde. Di que entón se lle manda a orde de execución e a cousa queda así.

Sr. Alcalde. Contesta que non é así. Que en moitos casos a xente presenta proxecto e solicitan licenza e se lle tramita e neste momento non ten o dato de cantos tramitaron xa o proxecto.

Sra. Rey Pazos. Di que todo isto comenzou co goberno bipartito no 2007 e van 9 anos. Que si ela pasea polas rúas e ve o estado das casas, como cidadá pregúntase que o goberno non está tomando as medidas ou as que toma non son suficientes ou efectivas, porque non cambiou nada nestes últimos cinco anos. Que é necesario que veña un temporal para que o goberno empece a actuar de forma contundente. Pregunta si realmente o goberno cree prioritario o tema do casco histórico e a súa rehabilitación.

Sr. Alcalde. Contesta que se trata de continuar os procedementos, requirir aos propietarios, falar con eles,



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

ditar ordes de execución e si ao final hai que sancionar se sanciona. Que a día de hoxe non se sancionou aínda a ninguén, nin no seu goberno nin no anterior, a excepción dun propietario como dixo o señor Rodríguez Carbia, que ao final non se puido sancionar por un erro nos apelidos. Que o que se busca realmente non é a sanción senón a rehabilitación.

Sra. Rey Pazos. Comprende que é un problema complexo que require de moito diálogo e de estar constantemente cos propietarios, pero entende que en cinco anos algo tivo que facerse se houbo eses diálogos e intentos de entendemento. Que unha de dúas, ou se chegou a un acordo con eses propietarios e se solicitaron as licenzas que non se ven, ou ante a negativa dos propietarios acudir aos medios que ten a administración. Di que aquí as ordenanzas aplícanse segundo quen e como.

Sr. Alcalde. Di que segundo quen e como, non.

Sra. Rey Pazos. Di que os propietarios destas vivendas non están facendo o que teñen que facer por lei. Que cinco anos despois seguen sen facelo. Pregunta que cales son as medidas que está tomando.

Sr. Alcalde. Contesta que llo acaba de explicar e se quere volve a explicalo todo de cada expediente, ou segue lendo o informe, pero hai dezanove puntos para tratar neste pleno e van no terceiro e levan unha hora.

Sra. Rey Pazos. Di que aquí cando a oposición ou a prensa apreta é cando deciden dicir que é o que fan. Cree que toman medidas de última hora.

Sr. Alcalde. Contesta que non vai estar chamando por teléfono cada vez que fagan algo de cada edificio. Que desde que entrou de concelleira aínda non preguntou por ningún expediente dalgunha edificación.

Sra. Rey Pazos. Contesta que estivo pedindo outros expedientes e non vai poñer a todo o Concello traballando para ela. Que está no listado para pedir pero as cousas van a pouco a pouco. Di que na domisión informativa do luns se pediu información e non se contestou.

Sr. Alcalde. Dille que si se contestou, pero non deixaron falar.

Sr. Pardo Andrade. Pregunta se deixaron falar ao técnico que estaba presente. Que non o deixaron falar.

Sra. Rey Pazos. Di que se fixeron unhas preguntas concretas e non se contestaron.

Sr. Forján Seoane. Comenta que os datos que se aportaron foron os dos que estiveron no goberno anterior.

Sr. Alcalde. Di que o técnico é o mesmo que tiñan no goberno anterior.

Sra. Rey Pazos. Pregunta que medidas vai a tomar o goberno cos propietarios que non fagan nada.

Sr. Alcalde. Contesta que ordes de execución e sanción se non cumpren.

Sr. González Pardal. Pensa que as cousas se están facendo mal. Que o estado do pobo é o que é. Que levan máis anos que os nove que comentou a señora Rey Pazos, porque leva máis anos aberta a Oficina de rehabilitación uns catorce anos ou máis. Que hai que cambiar algo. Que non hai ningunha orde de sanción e hai que tomar medidas, entre todos, e o goberno é o que ten que ditar esas resolucións. Que un día vai haber unha morte porque son moitos edificios en mal estado e a imaxe que se está dando turisticamente é deplorable. Que en canto ao turismo de Padrón, en cuestión de dez anos vai haber uns dez ou quince albergues, é unha potencia tremenda que non se está utilizando. Que se pon a disposición do goberno para atallar este tema e que, dunha vez por todas, o casco histórico vaia para arriba. Que había que dinamizar o comercio porque son cousas parellas.

Sr. Alcalde. Pregunta que terá que ver un plan de dinamización do comercio coa seguridade das casas do casco histórico. Que se queren o enredan todo.

Sr. González Pardal. Dille que se esqueza do plan, pero que se poñan a traballar porque o que están facendo estase vendo na rúa.

Sr. Forján Seoane. Di que van aprobar un acordo de que cada dous meses o señor Alcalde rinda contas do que está facendo, pero despois se encontran con cousas raras porque aquí aproban e despois non se fai. Que en outubro do 2014 adoptouse o acordo de que se ía reunir unha comisión para informarlles puntualmente da marcha da modificación de plan xeral, da marcha do plan especial de Padrón e da marcha do plan especial de Iria, e sé se reuniu dúas veces cando os grupos da oposición o pediron. Teme que agora se adopte outro acordo similar e, si desde a oposición non están enriba presionando, vaise a esquecer de convocar tamén esta comisión.

Sr. Alcalde. Dille que non.

Sr. Forján Seoane. Continúa dicindo que o concelleiro do PG insistiu, xa non sabe cantas veces, en saber o número de actuacións do goberno do 2007-2011 e número de actuacións deste goberno, catro anos máis os que leva de prórroga.

Sr. Alcalde. Pregunta por que de prórroga xa que el gañou as eleccións. Que governe ou non governe, el gañou as eleccións.

Sr. Forján Seoane. Comenta que tivo máis votos. Que aquí o importante non é quen gañou as eleccións, o importante é que están caendo as casas a cachos.

Sr. Alcalde. Dille que aí están de acordo.

Sr. Forján Seoane. Pregunta se a concelleira do casco histórico será capaz de contestala.

Sra. Couso Dopazo. Contesta que non.

Sr. Forján Seoane. Cree que se fixeron máis actuacións nos seus catro anos, do 2007-2011, que as que levan agora. Que o señor Alcalde non dou datos concretos pero si lles deu a pista cando dixo que estaban coas mesmas actuacións.

Sr. Alcalde. Repite que están coas actuacións dos expedientes porque as casas son as mesmas, as que estaban en ruina co bipartito seguen en ruina agora.

Sr. Forján Seoane. Di que non son as mesmas porque moitas actuacións realizáronse no período 2007-2011. Que en todo caso son as mesmas que a eles non lles deu tempo de executar. Que algunha orde de execución a mandou onte e tivo catro anos e medio.

Sr. Alcalde. Contesta que algunha si. Que está ben que se manden as órdes de execución.

Sr. Forján Seoane. Contesta que está ben, ineficacia, inactividade e non pon máis cualificativos que despois o señor Alcalde di que o insulta.

Sr. Alcalde. Di que si o insulta porque dicir que "o seu goberno non foi útil para o goberno de Padrón" e como dicir "é vostede inútil". Que iso foi o que pasou na comisión e por iso pediulle que non o insultara.

Sr. Pardo Andrade. Di que non está de acordo co dito polo señor Rodríguez Carbia porque o técnico de rehabilitación non di iso.

Sr. Forján Seoane. Comenta que se dixo que na rúa Santiago 8 e 10 non se fixo nada.

Sr. Alcalde. Aclara que por parte da propiedade non se fixo nada. Que non diga medias verdades.

Sr. Forján Seoane. Continúa que o mesmo no número 18 e 19. Que ao rematar a comisión pasada pedíronlle o listado e non llo dou. Que nestas casas non se fixo ningunha actuación a pesares de que o



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

señor Alcalde dixo que se mandara requerimentos, pero despois de mandalo haberá que facer máis.

Sr. Alcalde. Explica que un requerimento e unha orde de execución é diferente.

Sr. Forján Seoane. Pregunta cantas ordes de execución mandou.

Sr. Alcalde. Contesta que, de memoria, as últimas que mandou foron 7.

Sr. Forján Seoane. Pregunta que das que non son últimas, que non lle fixeron caso, que medidas adoptou para o seu cumprimento.

Sr. Alcalde. Insiste que non puxo ningunha sanción e que eles tampouco puxeron sancións, só unha.

Sr. Forján Seoane. Di que estiveron catro anos e rehabilitaron o 50% das vivendas que estaban mal, 30 realizadas e 35 pendentes que seguen estando. Que con eles arranxáronse as vivendas e polo menos teñen outro aspecto. Insiste e pide ao señor Alcalde que lles pase esa información e que sexa valente politicamente senón cada día faranlle menos caso e teremos máis edificios no chan. Que tiña razón o señor González Pardal cando falaba do turismo porque é unha das fontes de Padrón e o comercio é unha das fontes de riqueza de Padrón. Que Padrón é o centro comercial da comarca e está deixando de selo porque o pobo estase convertindo nunha ruína urbanística. Que non están facendo absolutamente nada e que son incapaces de sacar o Plan xeral e os 2 plans especiais que quedaron financiados no goberno anterior.

Sr. Alcalde. Di que financiados si pero que en tres anos o goberno anterior non fixo nada con respecto ao plan xeral.

Sr. Forján Seoane. Contesta que conseguiron varios centos de miles de euros e o goberno actual é incapaz de conseguir ningunha subvención porque non se move. Resume que con respecto ao asunto da moción o goberno actual non está facendo absolutamente nada e só hai que pasar polas rúas para velo.

Sr. Sanmarco Santos. Di que lle sorprende a cantidade de cousas que fixo o señor Forján Seoane e aínda así está no "banquillo". Dille que si chegara a facer todo o que di seguramente estaría gobernando e está aí sentado e cada vez perdendo máis votos. Que iso si é ser incapaz.

Sr. Alcalde. Retíralle a palabra ao señor Sanmarcos Santos e dalle un aviso.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a proposta a votación ordinaria, resultando aprobada por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes, polo que o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

a.- Tomar acordo plenario de convocar cada dous meses, con carácter ordinario, coincidindo coa celebración das sesións plenarias ordinaria a comisión de urbanismo, para que o goberno dea conta de tódalas medidas adoptadas para combatelo deterioro do casco vello exemplo: comunicacións cursadas aos propietarios, apertura de expedientes, estado dos expedientes abertos, solicitudes de rehabilitación, estado das solicitudes, etc.etc, e de selo caso convocar esta comisión con carácter extraordinario cando unha situación especial o requira.

b.- Tomar acordo de ordenala toma de medidas para garantila seguridade dos transeúntes en tódolos inmobles en mal estado, no espazo de tempo máis breve posible (1 mes).

c.- Tomar acordo de retirada inminente (1 mes) de elementos antiestéticos dos inmobles: mallas de ocultar en mal estado, vallas antiestéticas por outros elementos acordos co decoro e dignidade dun casco urbano e adaptados á normativa de protección e seguridade.

d.- Tomar acordo de informar en esta comisión das labores de reposición ou arranxo do lousado das rúas e das medidas de protección e do estado dos elementos arquitectónicos ou estruturais do casco vello (prazas, ponte, espolón, xardín, xardíns, soto, estatuas, esculturas e fontes).

## 7.- MOCIÓN PRESENTADA POR CIPA SOBRE VERTIDOS DE AUGAS RESIDUAIS.

Polo señor Rodríguez Carbia dase lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo e que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa A) de data 25 de xaneiro de 2016, que di:

### <<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As deficiencias na rede de sumidoiros están a causar un problema de salubridade pública, principalmente no lugar de Extramundi de abaixo, zonas: Morosa, Besadiña, Lamas e pistas deportivas de Iria por mor das verteduras residuais de inmundicia nos viais e nas fincas particulares, cada vez que se producen precipitacións pluviométricas.

Os motivos poden deberse á carencia de separación de augas residuais e pluviais e que ámbalas dúas se recollen pola mesma tubaxe e á carencia de bombeo ou un funcionamento anómalo da rede debida a problemas de sección na tubaxe.

O certo é que nestas zonas se fixeron inversións na rede para corruxo problema, que non é novo, pero sen resultado satisfactorio e cando se inverten fondos públicos é para obtelo mellor rendemento na inversión e solucionar problemas, non malgastar para parchear.

E polo que PROPOÑEMOS o seguinte ACORDO DE RESOLUCIÓN:

a.- Que se tome acordo e compromiso plenario de elaboración de proxectos técnicos de modificación da rede de sumidoiros nos lugares e parroquias do municipio que padezan esta problemática, e no que se contemplan a separación de pluviais e fecais tendo en conta como premisas básicas: a sección da tubaxe, a inclinación do terreo, lugares de risco pola filtración e inundación por pluviais.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Explica que é de sobras coñecido o que está pasando na zona de Extramundi. Que houbo unha actuación da Xunta de Galicia da empresa Tragsa, financiada con fondos Feder da Unión Europea, para a estabilización das marxes do río Sar, pero na ponte nova de Iria, cara a ponte vella de Iria, estabilizáronse as marxes e aínda na parte de arriba onde se conectou unha tubaxe pero resulta que agora conectan esa tubaxe, cando nun principio se supuño que ían conectala á rede xeral de alcantarillado, metendo un tubo cara ao río por onde saen todas as inmundicias contaminando as augas do río Sar. Que esa actuación a realizou, segundo o cartel, a empresa Tragsa. Que non só iso, senón que tamén se atopa que na pista da Morosa as tapas de rexistro están vertendo constantemente as inmundicias ás fincas particulares e ás cunetas cun cheiro nauseabundo. Que hoxe pola tarde a empresa Tarrío y Suárez estaba cunha grúa pequena facendo algo na cuneta da pista da Morosa. Que esta situación non só é extensible á zona de Iria Flavia, no núcleo de Iria pola mesma tubaxe vai a auga de recollida de pluviais e as augas fecais, co cal cada vez que chove esas augas non collen por esas tubaxes e entran incluso nas casas dos veciños. Entende que isto é unha actuación prioritaria porque non se trata de reparar un funcionamento anómalo dunha estrutura senón tamén de garantir un problema de salubridade pública e iso é unha competencia do alcalde que non pode delegar en ningún concelleiro. Que é un tema que hai que solucionar paulatinamente, pero adquirir o compromiso de que en cada plan de obras se vaia eliminando eses metros lineais que haxa nas diferentes zonas onde non haxa separación selectiva entre pluviais e fecais.

Sr. Santaló Ríos. Di que está totalmente de acordo.

Sr. Rodríguez Conde. Di que está de acordo que hai que ir pouco a pouco porque é bastante a contía e nos distintos plans que van chegando hai que destinar unhas cantidades fixas para ir subsanando estas deficiencias.

Sr. Alcalde. Di que eles irán facendo algúns dos proxectos e logo se sentarán todos e irán vendo que obras se meten.





# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

Sra. Rey Pazos. Repite que a planificación é fundamental, saber cales son as necesidades para poder actuar despois con aquelas que requiran urxencia.

Sr. González Pardal. Di que tamén está de acordo cos compañeiros.

Sr. Forján Seoane. Comenta, ante o dito polo señor Rodríguez Carbia, que o goberno anterior fixo moitas xestións en Augas de Galicia solicitando financiación e sempre lle contestaron que non había cartos, que o que si había eran sancións xa que todos os meses chegaban sancións por vertidos. Que houbo que facer xestión política noutro organismo e conseguiron financiación, pero noutro organismo. Di que esa pista leva anos vertendo ás fincas de cultivo e foron incapaces de eliminalo.

Sr. Pardo Andrade. Di que é un problema que non é de agora nin de fai cinco anos ou seis. Que xa o comentaron o outro día na comisión que en todo Extramundi está conectado pluviais e fecais todo xunto. Que é un problema que non se vai resolver nun ano nin en dous nin en cinco. Que hai que facer un novo alcantarillado e separar as pluviais. Que en canto á pista da Morosa, dille ao señor Rodríguez Carbia e señor Forján Seoane que xa estiveron no goberno catro anos, e ese mesmo problema xa existía, xa estaba a arqueta na cuneta e segue na cuneta. Que esa arqueta recolle as augas de dous alcantarillados e os tubos que ten non dan para recoller as augas de pluviais e fecais, como pasa en Extramundi ou en Pedroso. Que haberá que ir facendo pouco a pouco, como a pista que se vai arranxar agora, e ir facendo unha separación e senón non haberá maneira.

Sr. Forján Seoane. Insiste xestión política para buscar financiación. Que é certo que esa pista estaba mal, estivo e segue, pero non é menos certo que na súa época arranxouse a parte de abaixo, a que vertía ao río e eliminouse o vertido de toda a inundicia. Que non foi coa subvención de Augas de Galicia, porque para Padrón nunca había cartos, como lles dicía a que estaba de presidenta que agora é a Conselleira. Que para Padrón nunca había nada, só propostas de sanción e lle gustaría saber cantas propostas de sanción teñen agora de Augas de Galicia.

Sr. Alcalde. Contesta que unhas cantas.

Sr. Rodríguez Carbia. Pregunta como van solucionar o tema do vertido ese da arqueta ao río, porque hai que eliminalo e metelo á rede xeral.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que esa arqueta non vai ao río. Explica que hai dúas arquetas que están na cuneta, esa e outra máis abaixo cerca do río.

Sr. Rodríguez Carbia. Dille que non están falando do mesmo e ensina unhas fotos explicando que está na pista que comeu o río, que vai pegada ao paseo, está a arqueta e aí é onde está esa tubaxe cara o río. Que son 50 metros cara o Sur de onde se empatou pero pola pista mesmo.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que nese mesmo alcantarillado hai máis drenaxes que ese que van ao río. Que polo río abaixo do Sar deses tubos hai a montóns.

Sr. Rodríguez Carbia. Comenta que non pode ser porque acaban de solucionalo xa que se gastaron 289.000 € nunha actuación da empresa pública Tragsa. Que un mes despois de rematadas as obras xa hai un socavón.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que logo será cousa de Tragsa.

Sr. Rodríguez Carbia. Contesta que o Concello deberá pedir responsabilidades.

Sr. Pardo Andrade. Explica que deses tubos dos que fala hai tres ou catro dende aí ata o Campo da Barca.

Sr. Rodríguez Carbia. Dille que fala dese en concreto. Que cincuenta metros ao norte empataron un tubo e cincuenta metros ao sur empataron outro tubo vertendo todo tipo de inundicias ao río.

Sr. Pardo Andrade. Comenta que verte ao río cando o outro tubo vai a tope e non dá abasto.

Sr. Rodríguez Carbia. Reitera que está falando do outro día e fixo un día espléndido e non chovía.

Sr. Pardo Andrade. Explica que teñen eses tubos de drenaxe para que non levanten as tapas para arriba. Que tamén pode chamarlle aliviadoiro.

Sra. Rey Pazos. Pregunta se é que hai uns tubos vertendo ao río. Que o señor Rodríguez Carbia di que están vertendo residuos ao río.

Sr. Alcalde. Aclara que son aliviadoiros.

Sr. Pardo Andrade. Explica que verten cando van os tubos cheos. Engade que o que está facendo Tarrío y Suárez agora é cruzar un tubo para sacar as augas para o outro lado da pista e limpar a cuneta.

Sr. Rodríguez Carbia. Pregunta senón houbo expediente de contratación ou foi adxudicación directa.

Sr. Pardo Andrade. Contesta que está facendo varias cousas de emerxencia por estar vertendo do alcantarillado cara fóra.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete a proposta a votación ordinaria, resultando aprobada por unanimidade das concelleiras e dos concelleiros presentes, polo que o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

a.- Que se tome acordo e compromiso plenario de elaboración de proxectos técnicos de modificación da rede de sumidoiros nos lugares e parroquias do municipio que padezan esta problemática, e no que se contemplen a separación de pluviais e fecais tendo en conta como premisas básicas: a sección da tubaxe, a inclinación do terreo, lugares de risco pola filtración e inundación por pluviais.

#### **8.- MOCIÓN PRESENTADA POR PGD, PSG-PSOE, AXP, BNG E CIPA SOBRE MEDIDAS A ADOPTAR NO CASCO HISTÓRICO.**

Polo señor Rodríguez Carbia dase lectura á seguinte moción presentada conxuntamente polos grupos PGD, PSdeG-PSOE, AxP, BNG e CIPA e que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa A) de data 25 de xaneiro de 2016, que di:

#### **<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Unha gran cantidade de canos das baixantes de pluviais do casco vello, cada vez que chove esboraan e causan incomodades aos trauseúntes, sen que por parte do goberno municipal, que nos saibamos, se adopten as medidas oportunas. Polo que é prioritario, unha revisión urxente por parte de persoal municipal ao obxecto de requirir aos propietarios dos inmobles que os manteñan en perfecto estado de conservación e acometan labores de mantemento e incluso substitución.

A este respecto manifestar que existe unha liña de axudas ou subvencións por parte da oficina de rehabilitación do casco histórico para a substitución destes elementos, polo cal non existe desculpa posible para que prosigan neste estado.

Os grupos asinantes vemos tamén con preocupación, como por parte do goberno municipal as labores de reparación ou substitución do lousado das rúas, amosan nun abandono continuado o que dificulta o paseo de transeúntes e da unha mala imaxe dunha vila histórica e turística. A maiores estamos expostos a ter que indemnizar por responsabilidade subsidiaria de producirse accidentes polo mal estado do pavimento. Esta situación é extensible a maioría das rúas do casco vello, xa que as labores de conservación e mantemento non se fan coa premura que debería facerse e cando se actúa o que debería ser un simple asentamento de lousado convertese nunha substitución co que encarece a reparación por non actuar con prontitude.

Mostras do que manifestamos témolas na rúa Santo Domingo con lousas levantadas dende fai semanas, reparáronse só dúas lousas e non se retiraron as chapas metálicas que recubriron a reparación, o resto das



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfl: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

lousas adxacentes están todas levantadas.

Outra das rúas que precisan unha revisión periódica e continúa son a rúa Real, Dores e Rodríguez Cobián. Un dos motivos deste deterioro e o continuo e descontrolado tráfico rodado a que están sometidas diariamente. Por mor de todo o exposto

**PROPOÑEMOS** o seguinte **ACORDO DE RESOLUCIÓN**:

a.- Que se adopte acordo para que por parte do persoal municipal se proceda a unha revisión de tódolos canos de baixantes de pluviais do casco vello, requiríndoselle mediante notificación escrita a tódolos propietarios de inmobles a súa reparación ou substitución.

b.- Adoptar acordo para proceder sen mais demora a reparación do lousado das rúas Praza Rodríguez Cobián, Dores, Santo Domingo, Rosalía de Castro e rúa Real.

c.- Adoptar acordo para que o goberno dea as ordes oportunas para proceder a controlar, minorar ou suprimir lo tráfico rodado de maneira efectiva polas citadas rúas, mentres non se aprobe unha modificación da ordenanza en vigor que permita restrixila circulación aos propietarios de prazas de garaxes e vehículos de servizos básicos.>>

Aberta a quenda de debate prodúcense as seguintes intervencións de xeito resumido:

Sr. Rodríguez Carbia. Comenta, con respecto ao enlousado da rúa Santo Domingo, que ao día seguinte da comisión informativa apareceron dous sacos de area e está unha empresa reparando o enlousado.

Sr. Pardo Andrade. Di que xa tiñan falado que non se podía facer porque estaba chovendo.

Sr. Rodríguez Carbia. Di que lle parece estupendo que se tomen as medidas, pero dentro de catro días vai estar igual porque, como apuntaba o voceiro do PGD, por esa rúa circulaban diariamente douscentos vehículos e de pouco vale que se estean gastando os cartos que non se teñen si dentro de catro días volve a estar igual. Que desde que se quitou o tema dos bolardos, non se controlou a entrada e saída do casco vello e a xente métese por aí e despois o descoidos de certas persoas que utilizan as rúas coma se foran corredoiras. Que tamén ocorre o mesmo coa rúa Real onde o seu enlousado é preocupante ao igual que na praza Rodríguez Cobián, o acceso a Servizos sociais, Escola de música e Oficina de rehabilitación con charcos que parecen piscinas. Que hai que tomar medidas e obrigarlle a que teñan os canos en condicións, que no seu goberno tiñan un funcionario que o mandaban, cada vez que chovía, que tomara nota dos canos que non estaban funcionando correctamente, viña ao Concello coa relación e ao día seguinte notificación a todos os propietarios e o que non arranxara o cano, apercibimento de sanción. Que é como se funciona. Tamén di que a ponte do Carmen últimamente está sufrindo demasiados accidentes, porque hai unhas pedras, uns perpiaños grandes, que están a punto de caer de cara á Praza da Leña e hai coches debaixo, porque parece ser que foi un camión que os desprazou.

Sr. Alcalde. Explica que en canto a restrinxir a circulación teñen un problema cos camións de butano que teñen que facer a carga e descarga con carriño.

Sr. Santaló Ríos. Di que está de acordo e sobre todo co tema da supresión do tráfico no casco vello, que xa o ten defendido noutras ocasións e é necesario tomar unha decisión con valentía política e organizar un plan para executar xa. Cree que é a medida máis urxente porque o casco vello de Padrón estase a converter nunha auténtica circunvalación como é no caso da rúa Real e da rúa Santo Domingo.

Sr. Alcalde. Di que como xa comentaron na comisión informativa ou despois dela, de estudar a peatonalización do casco histórico, rúa por rúa, e a posibilidade de que todos, conxuntamente, vexan as posibles solucións para dotar de aparcamentos. Que hai que mirar os procedementos, se hai que modificar a ordenanza e intentar facer todo en conxunto.

Sr. Rodríguez Conde. Di que están de acordo.